

resolución del expediente que deberá ser dictada en los términos del artículo 42 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre. Este plazo podrá ser ampliado prudencialmente hasta CINCO DÍAS, a petición de interesado, cuando la aportación de los documentos requeridos presente dificultades especiales. ”

Como quiera que el citado requerimiento no ha podido ser comunicado a la parte interesada en su último domicilio conocido en esta provincia, se procede a su notificación, según lo previsto en el artículo 59.5 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, (BOE nº 285, de 27 de noviembre).

El correspondiente expediente figura a disposición del interesado para conocimiento íntegro y constancia del mencionado acto en la Oficina de Extranjeros de la Subdelegación del Gobierno en Lugo, Calle Río Neira, nº 19-23, al considerar de aplicación el artículo 61 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre.

EL SUBDELEGADO DEL GOBIERNO, Ramón Carballo Páez

R. 5063

CONCELLOS

ABADÍN

Anuncio

1.-O Pleno do Concello de Abadín, na sesión celebrada o día 11 de setembro de 2012, aprobou inicialmente a MODIFICACIÓN da “ORDENANZA MUNICIPAL DE CORTA E SACA DE MADEIRA EN ABADÍN”.

2.-Publicouse anuncio de información pública por prazo de 30 días no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, nº 225 de data 28 de setembro de 2012.

3.-Durante o referido período de exposición ó público presentouse unha alegación (por parte de CONFEMADERA).

4.-O Pleno do Concello de Abadín, na sesión ordinaria celebrada o día 3 de decembro de 2012, resolveu dita alegación e aprobou definitivamente dita modificación da Ordenanza, de conformidade co disposto no artigo 49.c da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

5.-Finalmente, de conformidade co disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, procédese á publicación íntegra do texto de dita Ordenanza modificada.

6.-Contra o presente acordo definitivo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

“ORDENANZA MUNICIPAL DE CORTA E SACA DE MADEIRA EN ABADÍN

Artigo 1º.- Obxecto da normativa.

Constitúe o obxecto desta ordenanza o establecemento dunha regulación no municipio de Abadín das cortas e sacas de madeira que faga compatible a liberdade de empresa e o desenvolvemento e explotación do sector forestal, coa preservación do medio natural, a conservación dos camiños e pistas municipais e a seguridade vial.

Artigo 2º.- Concepto de corta e saca de madeira.

Por corta e saca de madeira deberá entenderse, para os efectos desta ordenanza, a totalidade das operacións que se desenvolvan dentro do municipio de Abadín que teñan por obxecto a obtención e transporte de madeira de tala, incluíndo tanto as operacións previas ou preparatorias á corta (desprazamento de vehículos e maquinaria, construción de ramplas ou accesos as fincas, preparación do terreo, etc.) como as posteriores (preparación e depósito da madeira, carga e transporte).

Artigo 3º.- Requisitos para as operacións de corta e saca de madeira.

Sen prexuízo da necesaria obtención, con carácter previo dos permisos ou autorizacións que, conforme á normativa vixente, sexan necesarios, para cortar plantacións forestais dentro do municipio de Abadín cun peso estimado superior a 6 toneladas métricas será obrigatorio presentar nas oficinas municipais unha comunicación por escrito cunha antelación mínima de tres días.

O escrito de comunicación previa será asinado polo madeireiro, debendo constar nel os seguintes datos:

Datos identificativos do propietario forestal e do madeireiro:

Persoa física ou denominación social: nome, apelidos, número do DNI ou NIF, enderezo e teléfono.

Sociedade ou persoa xurídica: enderezo, CIF, nome e apelidos da persoa encargada ou responsable da empresa e teléfono.

Especie de madeira obxecto da corta.

Toneladas métricas de madeira que se prevén extraer.

Nome da finca ou monte afectado, lugar e parroquia onde se sitúa.

Identificación en plano catastral.

Datas previstas de inicio e remate dos traballos.

Vehículos e maquinaria a empregar nas operacións de corta e saca.

Lugar onde se depositará á espera da súa carga a madeira.

Vías a empregar e data prevista para o transporte da madeira.

Sistema previsto para a limpeza das vías públicas afectadas polas operacións de corta e saca de madeira.

De ser o caso, fotocopia compulsada do permiso, autorización ou licenza de corta expedido pola autoridade competente.

O madeireiro deberá de constituir ante este Concello Fianza en metálico ou aval bancario na forma e contía establecida no artigo 5º.3.-

O Concello de Abadín terá a disposición dos interesados un modelo normalizado do escrito de comunicación previa.

O Concello de Abadín requirirá ó madeireiro ou ó propietario do monte ou predio forestal a presentación dun escrito de posta en coñecemento cando comprobe que o madeireiro non cumpriu coa súa obriga de presentar nas oficinas municipais o de comunicación previa. O contido deste escrito de posta en coñecemento será o mesmo que o de comunicación previa.

Artigo 4º.- Obrigas nas operacións de corta e saca de madeira.

O madeireiro está obrigado á limpeza e retirada dos residuos da corta da madeira de xeito que as pistas, camiños ou espazos públicos queden en todo momento no mesmo estado de limpeza e conservación que tiñan antes de levarse a cabo as operacións de corta e saca de madeira. Esta obriga de limpeza deberá cumprirse todos os días ó final da xornada.

Así mesmo estará obrigado a sinalizar os viais situados nas zonas de extracción e depósito da madeira conforme ó establecido na normativa vixente en materia de tráfico, circulación e seguridade vial.

Prohíbese terminantemente usar as vías públicas para almacén ou depósito irregular da madeira. Entenderase por depósito irregular, para os efectos desta ordenanza, aquel que exceda de 30 días naturais.

O madeireiro ou propietario forestal deberán derrubar e repor ó seu estado anterior as ramplas abertas para facilitar o acceso á finca ou ó monte, co obxecto de que, cando chova, a auga e a terra arrastrada non inunde e cause danos nas pistas ou camiños municipais.

De acordo coa normativa vixente en materia urbanística, queda prohibido efectuar desprazamentos de terra que polas súas características deben ser considerados como movementos de terra.

Artigo 5º.- Responsabilidade.

1.- O madeireiro será responsable directamente de todos os danos e prexuízos a persoas e bens que se produzan ou ocasionen con motivo da corta, depósito e transporte de madeira, debendo reparar o dano causado. O Concello de Abadín velará especialmente para que as ditas operacións de corta e saca de madeira non ocasionen danos nas vías públicas municipais e éstas queden en adecuado estado de limpeza e seguridade.

2.- A obriga da que se fai referencia no número 1 deste artigo será exigible non só polos actos ou comisións propios, senón tamén polos cometidos por calquera persoa que, sen ser empregada ou traballadora do madeireiro, interveña nas operacións de corta e saca da madeira por conta, consentimento ou coa aquiescencia do madeireiro, e, en xeral, polos cometidos por aquelas persoas de quen deba responder.

3.- O madeireiro deberá constituir fianza en metálico ou aval bancario a prol do Concello na contía fixada polos servizos técnicos municipais, tendo en conta as características do que se pretende (peso da madeira a extraer, vehículos e maquinaria que se pretende utilizar, estado e grao de conservación do vial afectado, etc.) .Unha vez rematadas as operacións de corta e saca de madeira, a petición do madeireiro e previo informe favorable dos devanditos servizos técnicos municipais, esta garantía será devolta polo Concello no prazo de 3 días hábiles, mediante o correspondente Decreto da Alcaldía.

Artigo 6º.- Infraccións.

As infraccións a esta ordenanza cualifícanse en moi graves, graves e leves.

Constitúen infraccións moi graves:

Non presentar o escrito de posta en coñecemento, unha vez requirido para iso polo Concello.

Deixar as vías municipais nun moi deficiente estado de suciedade, ocasionando unha situación de risco para a seguridade vial.

Causar danos nas pistas municipais por valor superior a 6.000 euros.

A comisión polo madeireiro de dúas faltas graves que sexan firmes na vía administrativa sen que transcorra máis dun ano.

Son infraccións graves:

Non presentar o escrito de comunicación previa.

Deixar as vías municipais en deficiente estado de suciedade.

Causar danos nas pistas municipais por valor inferior a 6.000 euros.

Non demoler ou non repor ó seu estado orixinal as ramplas ou accesos que se abriron para acceso ás fincas.

A comisión polo madeireiro de dúas faltas leves que sexan firmes na vía administrativa sen que transcorra máis dun ano.

Consideranse infraccións leves calquera outro incumprimento desta ordenanza que non estea cualificado como moi grave ou grave e cuxa sanción corresponda ó Concello.

Artigo 7º.- Sancións.

As infraccións desta ordenanza serán sancionadas coas seguintes multas:

Infraccións leves: multa de ata 300,00 euros.

Infraccións graves: multa de contía comprendida entre 301,00 euros e 1.500,00 euros.

Faltas moi graves: multa de contía comprendida entre 1.501,00 euros e 3.000,00 euros.

O importe das multas será graduado tendo en conta as circunstancias concorrentes e de acordo co establecido na normativa vixente.

O pagamento das multas poderase esixir pola vía administrativa de constrinximento, sen prexuízo da existencia, se fose o caso, das correspondentes responsabilidades civís e penais.

As sancións serán independentes da reparación do dano causado e da indemnización de danos e prexuízos a que houbera lugar.

As sancións imporanse previa incoacción e instrucción do correspondente expediente sancionador con audiencia ó interesado.

A resolución do expediente sancionador corresponderá á Xunta de Goberno Local, cando se trate de faltas moi graves ou graves, e á Alcaldía cando se trate de faltas leves.

Artigo 8º.- Requerimentos.

Advertido o incumprimento da presente ordenanza, e de forma paralela á apertura do expediente sancionador, requirírase ó responsable da infracción para que se axuste á normativa e, de ser o caso, repare os danos e prexuízos causados, outorgándolle para isto un prazo prudencial fixado polos servizos técnicos municipais, que, en calquera caso non poderá exceder dun mes. Transcorrido este prazo sen que se dea cumprimento ó requerimento, procederase, sen necesidade de novas notificacións, á súa execución subsidiaria cargándolle os custos desta á persoa responsable.

Disposición derogatoria.-

Na data de entrada en vigor da modificación da presente ordenanza, quedará automaticamente derogada a "ORDENANZA MUNICIPAL DE CORTA E SACA DE MADEIRA EN ABADÍN", aprobada definitivamente polo Pleno na sesión celebrada o día 30 de xullo de 2010, e que foi publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, número 194 de data 24 de agosto de 2010.-

Disposición final.

1ª.- A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e transcorra o prazo de 15 días hábiles previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa."

Abadín, 7 de decembro de 2012.- O Alcalde, José Mª López Rancaño.

ALFOZ*Anuncio***Información pública**

A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 30 de novembro de 2012, aprobou os seguintes padróns correspondentes ao terceiro trimestre de 2012:

- ◆ Padrón da taxa polo abastecemento de auga, no que se inclúe o canon de auga e taxa de vertedura
- ◆ Padrón da taxa por recollida de lixo

de conformidade co disposto na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, O Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, e as ordenanzas reguladoras correspondentes, expónse ó público polo prazo de quince días contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no BOP de Lugo, a efectos de exame e reclamacións.

Recurso; Contra o acordo de aprobación dos padróns de abastecemento de auga e recollida de lixo poderá interperse recurso de reposición. O prazo de presentación será un mes contado dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público dos padróns ante a Xunta de Goberno Local

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A repercusión do canon da auga e taxa de vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de un mes dende que se entende producida a notificación

ANUNCIO DE COBRANZA

Fixase o período de cobro en voluntaria dende o 01 de decembro ata o 31 de xaneiro de 2012, ámbolos dous inclusive, vencidos ditos prazos, pasarase ó seu cobro pola vía de constrinximento, coas recargas previstos no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

No tocante ao canon da auga e taxa de vertedura, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria

Alfoz, 30 de novembro de 2012.- O Alcalde, Emilio Lousas Muíña

R. 5064

BÓVEDA*Anuncio*

De conformidade co Decreto da Alcaldía nº: 453/2012 de data 05/12/2012, por medio do presente anuncio efectúase convocatoria do procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adjudicación, para a adjudicación do contrato de servizos de Limpeza de inmobeis municipais, conforme aos seguintes datos:

1. Entidade adjudicadora:

Datos xerais e datos para a obtención da información:

- a) Organismo: Concello de Bóveda (Lugo)
- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría-contratación
- c) Obtención de documentación e información:
 1. Dependencia: Secretaría
 2. Domicilio: Avda. Alfonso XIII nº: 85
 3. Localidade e Código Postal: 27340 Bóveda.
 4. Teléfono: 982426006
 5. Telefax: 982426302
 6. Correo electrónico: secretaria@boveda.gob.es

7. Dirección de internet do Perfil de Contratante: <http://www.contratosdegalicia.es/consultaPerfil.jsp>

8. Data límite de obtención de documentación e información: Quince días naturais contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Perfil de contratante.

d) Número de expediente: 2012/353-213

2. Obxecto do contrato.

a) Tipo: Servizos

b) Descrición do obxecto: Limpeza de inmobles municipais

c) Prazo de execución: Un ano

d) Admisión de Prórroga: Si, máximo tres anos, incluídas as prórrogas.

e) CPV: 90911000-6, 90919200-4, 90919300-5.

3. Tramitación e procedemento.

a) Tramitación: Ordinaria

b) Procedemento: Aberto

c) Criterios de Adxudicación:

1º-Mellor prezo

2º- Melloras na frecuencia da prestación do servizo.

3º- Medios a empregar no Servizo contratado (medios materiais, técnicos e humanos) que melloren as condicións do servizo de limpeza de inmobles que figuran nos pregos de condicións técnicas.

4. Orzamento base de licitación

a) Importe Neto 30.000,00 euros. IVE 6.300,00 euros Importe total 36.300,00 euros.

5. Garantía esixidas:

Provisoria: 1.000 euros

Definitiva 5% do importe de adxudicación.

6. Requisitos específicos do contratista:

a) Clasificación: Non se require

b) Solvencia económica e financeira, e solvencia técnica e profesional: As recollidas na cláusula 8ª do prego de cláusulas administrativas.

7. Presentación de ofertas ou de solicitudes de participación:

a) Data límite de presentación: Quince días naturais contados a partir do seguinte ó dá publicación do anuncio non Boletín Oficial dá Provincia.

b) Modalidade de presentación:.

c) Lugar de presentación: Casa consistorial

1. Dependencia: Secretaría-contratación.

2. Domicilio: Avda. Alfonso XIII nº.:85.

3. Localidade e Código Postal: Bóveda 27340.

4. Dirección electrónica: secretaria@boveda.gob.es

8. Apertura de ofertas:

a) Dirección: Avda. Alfonso XIII nº.:85.

b) Localidade e Código Postal: Bóveda 27340.

c) Data e hora:

- O segundo día hábil tras a finalización do prazo de presentación de proposicións, as doce horas, procederá a apertura do sobre A.

- O tercer día hábil seguinte ó da apertura do sobre A, ás doce horas, procederá á apertura de Sobre «B», indicándose a data concreta no perfil do contratante

9. Gastos de Publicidade: Por conta do adxudicatario.

10.- Publicidade dos pregos de cláusulas administrativas en: <http://www.boveda.gob.es>

En Bóveda, a 07 de decembro de 2012.- O Alcalde-Presidente, José Manuel Arias López

R. 5065

CASTROVERDE

Anuncio

Aprobado pola Xunta de Goberno Local, na sesión de 21 de novembro de 2012, o proxecto das obras de “Acondicionamento e mellora do camiño da Congosta –Pagos de Cabanela”, na parroquia de Furís, sométese a